

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 31 DE AGOSTO DO 2009.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día trinta e un de agosto de dous mil nove; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez, Don Emilio Cuiñas Otero (non asiste), Dona Manuela Iglesias Collarte.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 24 de agosto de 2009 (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.

1º.-INFORMACIÓN URBANÍSTICA.

1.-“Solicitud de información urbanística interesada por don EVARISTO CRUCES ÁLVAREZ, con domicilio en Franqueirán, Ribadavia, con número de rexistro de entrada 4522. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte, e visto o correspondente informe técnico de data 26.08.09.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre o lugar sito en Franqueirán, Ribadavia (ref.catastral 32070A008008690000YD), a solicitude de Evaristo Cruces Álvarez de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.”

2º.- CUALIFICACIÓN DEFINITIVA

“Visto o expediente RIB-S-09-00, O-CD-0909/08 e O-AR-0141/08, a nome de **dona Regina Abuín Ferreiro**, con domicilio rúa Salgado Moscoso nº1-1º, CP.32400, Ribadavia, relativo á subvención para actuacións para adecuación das condicións de habitabilidade, no inmovible situado en Rúa Fornos nº30, na localidade de Ribadavia. A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación á certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Vivenda por importe de 6.000 euros, e da Consellería de Vivenda por importe de 5.000 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico

e o Convenio de Colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo”.

3º. CUALIFICACIÓNS PROVISIONAIS

“Visto o expediente RIB-S/249/08, a nome de **don Felipe Pérez Tielas en repres. De Bernarda Tielas Rodríguez**, con domicilio na Estrada N-120 nº3, 5ºB , CP.32400, no que solicita subvención para actuacións na área de rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia para a Praza Buján nº4, Ribadavia, a Xunta de Goberno Local de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións na área de rehabilitación do Casco histórico de Ribadavia e tendo en conta a documentación obrante no expediente e o informe da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade dos asistentes, acorda informar favorablemente a solicitude propoñendo a aprobación da Cualificación provisional, remitindo o expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

“Visto o expediente SCV-S-21-09, a nome de **don José Fernández Vázquez en repres. De Julia Regueiro Bouzas**, con domicilio na Estrada do Carballiño nº45 , San Cristovo-Ribadavia, no que solicita subvención para actuacións na área de rehabilitación do Casco Histórico de San Cristovo para a Rúa Grande nº16, San Cristovo, a Xunta de Goberno Local de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións na área de rehabilitación do Casco histórico de San Cristovo e tendo en conta a documentación obrante no expediente e o informe da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade dos asistentes, acorda informar favorablemente a solicitude propoñendo a aprobación da Cualificación provisional, remitindo o expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1º.- Escrito da Deputación Provincial de Ourense con nº RE 5293 e data de RE 25.08.09 remitindo resolución da presidencia relativo a delegación de competencia a favor deste concello, para contratación e execución de obras de planos provinciais de 2009.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

1º.- SOLICITUDE DE SUBVENCION.

Dase conta por parte do concelleiro de cultura don Anxo Collarte Pérez da resolución de 30.07.09 pola que se aproban as bases reguladoras para concesión de subvencións para realización de obras de construción, mellora e acondicionamento e reforma de instalacións de espazos deportivos e para adquisición de equipamentos deportivos.

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus membros solicitar a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza o outorgamento desta subvención tanto no tocante a realización de obras de construción e reforma de instalacións e espazos deportivos como para a adquisición de equipamentos deportivos de acordo coa documentación que se adxunta.

2.- APROBACIÓN DE BASES DE SELECCIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE ATENCIÓN A NENOS DE EDUCACIÓN INFANTIL.

Dase conta por parte do Secretario da proposta de alcaldía de data 28.08.09 relativa a aprobación dunhas bases para Servizo Municipal de atención a nenos de educación infantil.

No expediente constan os seguintes elementos:

1º.-Constan bases de selección asinadas polo Alcalde en data de 28.08.2009

2º- Informe xurídico de data 28.08.2009 no que se fan as seguintes consideracións:

CONSIDERACIONES XURÍDICAS

1ª.- O artigo 61.7 da Lei 7/2007 establece que os sistemas selectivos do persoal laboral serán os de oposición, concurso-oposición, coas características establecidas no apartado anterior e no seu caso o concurso de valoración de meritos.

2ª.- O artigo 61 paragrafo 6º establece que respecto dos funcionarios de carreira os sistemas selectivos serán os de oposición e os de concurso-oposición, pudiéndose aplicar o sistema de concurso con carácter excepcional e só a través de norma con rango de lei.

Ambos artigos de conformidade coa disposición final primeira da citada lei teñen a consideración de lexislación básica, a decir de obrigado cumprimento para todas as Administracións Públicas.

3ª.- Por outra banda o artigo 2 do RD 896/91 establece como norma xeral de acceso a oposición salvo que pola natureza das prazas sexa mais adecuada o sistema de concurso-oposición ou concurso, a cal en calquera caso debería ir acompañada da suficiente motivación, precepto que tamén ten carácter básico en base a disposición final 1ª do citado RD, o cal tamén se recolle respecto do persoal laboral no art. 29 do RD 364/95 aplicable con carácter supletorio.

4ª.- Así se entendemos que o acceso ao Emprego Público debe estar guiada polos principios recollidos no artigo 103.3 da Constitución e dicir igualdade, merito e capacidade e que o artigo 61 paragrafo 6º limita o sistema de concurso a norma con rango de lei, parece que a posibilidade de que o persoal laboral acceda mediante concurso pode contrariar o art. 14 da Constitución, non obstante e mentres non haxa pronunciamentos xurisprudencial ao respecto pode utilizarse o sistema de concurso posto que así o prevé expresamente a Lei (art. 61.7 da Lei 7/2007). A propio Inxeniería da Lei parece apioar este argumento, xa que na disposición transitoria 4ª relativa á chamada consolidación de emprego temporal, o procedemento de selección é o concurso oposición, incluso para persoal laboral temporal, o cal cando menos resulta paradóxico.

5ª.- Así mesmo de conformidade coa interpretación dos art. 167 e 175 do Texto Refundido do Réxime Local mantida polo profesor Pérez Luque os postos reservados a persoal laboral serían exclusivamente os de oficios, non obstante a xurisprudencia constitucional e o tribunal supremo flexibiliza esta postura e así debemos ter en conta a STC 37/2002 que respecto do art. 92.02 da Lei 7/85 de Bases de Réxime Local di que é certo que en él non se especifica que concreto as funcións han de ser desempeñadas polo persoal suxeito ó estatuto funcional remitindo a súa determinación ao desenvolvemento do mesmo, añade que sen embargo tal remisión non pode considerarse incondicionada ou

carente de límites pois no propio precepto se dispon os criterios que han de inspirar no seu desenvolvemento a determinación das funcións que

deben ser desempeñadas por funcionarios públicos, cales son, as garantías de obxetividade, imparcialidade e dependencia no exercicio da función pública.

Por outra banda, a STS do 19/10/2005 establece que os patrons interpretativos aplicables ao art. 92.2 da Lei 7/85 (actualmente derogado e incorporado a disposición adicional primeira do EBEP) son os seguintes:

- *aqueles postos de traballo cujas funcións ou cometidos exterioricen unha actividade da Administración que teña unha directa transcendencia para a situación xurídica de outros suxeitos de dereito (axenos ou non á súa organización), e na por elo sexan relevantes esas notas de obxetividade, imparcialidade e independencia, habrá de ser necesariamente encomendados a persoal funcionarioal.*
- *Corresponde a administración a carga de demostrar que nas funcións de un determinado posto resultan indiferentes esas notas que foron enunciadas.*
- *Conseguentemente, a validez dos postos de traballo laborales estarán condicionada inexcusablemente a que, no acto que os creara con ese expreso carácter contractual e non estatutario, esté ben visible e xustificado que os cometidos e funcións profesionais asignados ós titulares de tales postos, por suas específicas características, fan indiferente esas notas de que non se ven falando.*

A este respecto considero que nas funcións de Técnico do servizo municipal de atención a nenos de educación infantil, non estaría implícita a nota do exercicio da autoridade no exercicio das funcións públicas, polo cal considero que para este posto a figura xurídica adecuada podería ser a utilización do persoal laboral.

*6ª.- Se ben a disposición adicional 1ª do EBEP non reproduce literalmente o art. 92.2 da Lei de Bases no referente **“as funcións que han de ser desempeñadas por funcionarios públicos cales son as garantías de obxetividade, imparcialidade e independencia no exercicio da función pública”**, sen embargo este apartado podería relacionarse co previsto no art. 9.2 do EBEP que establece o seguinte:*

“En todo caso, el ejercicio de las funciones que impliquen la participación directa o indirecta en el ejercicio de las potestades públicas o en la salvaguardia de los intereses generales del Estado y de las Administraciones Públicas corresponden exclusivamente a los funcionarios públicos, en los términos que en la ley de desarrollo de cada Administración Pública se establezca”

7ª.- Respecto do contido das bases partindo da ausencia de regulación expresa para a selección do persoal laboral temporal (Disposición Adicional Segunda do RD 896/91), salvo determinada xurisprudencia que esixe un cumprimento mínimo dos principios de igualdade, merito, capacidade e publicidade recomendando a publicación no tablón de edictos do concello e en dous diarios de maior difusión e no BOP, sen perxucio da posibilidade de aplicar supletoriamente outras normas, considero cumpridos adecuadamente os principios que deben informar a selección deste persoal, isto é principios de igualdade, mérito e capacidade e publicidade.

8ª.- De acordo cos art. 172 e seguintes do Texto refundido 2/2004 para a realización de calqueira tipo de gasto deberá existir consignación orzamentaria suficiente,

de xeito que no caso concreto ao non existir informe de intervención sobre estas consignación presupuestaria non hai coñecemento de que a mesma exista

CONCLUSIONES

En base os argumentos esgrimidos anteriormente dende o punto de vista xurídico non hai inconveniente en proceder a contratación, non obstante dende o punto de vista económico deberá existir crédito adecuado e suficiente coa correspondente fiscalización pola intervención.

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular acorda por unanimidade dos seus membros proceder a aprobación e convocatoria das Bases de selección de persoal laboral temporal para cubrir unha praza do SERVIZO MUNICIPAL DE ATENCIÓN A NENOS DE EDUCACIÓN INFANTIL.

3.- APROBACIÓN DE BASES DE SELECCIÓN DUNHA PRAZA DE DIPLOMADO EN MAXISTERIO, ESPECIALIDAD EN EDUCACIÓN INFANTIL

Dase conta por parte do Secretario da proposta de alcaldía de data 28.08.09 relativa a aprobación dunhas bases para selección dunha praza de diplomado en maxisterio, especialidade en educación infantil.

No expediente constan os seguintes elementos:

1º.-Constan bases de selección asinadas polo Alcalde en data de 28.08.2009

2º- Informe xurídico de data 28.08.2009 no que se fan as seguintes consideracións:

CONSIDERACIONES XURÍDICAS

1ª.- O artigo 61.7 da Lei 7/2007 establece que os sistemas selectivos do persoal laboral serán os de oposición, concurso-oposición, coas características establecidas no apartado anterior e no seu caso o concurso de valoración de meritos.

2ª.- O artigo 61 paragrafo 6º establece que respecto dos funcionarios de carreira os sistemas selectivos serán os de oposición e os de concurso-oposición, pudiéndose aplicar o sistema de concurso con carácter excepcional e só a través de norma con rango de lei.

Ambos artigos de conformidade coa disposición final primeira da citada lei teñen a consideración de lexislación básica, a decir de obrigado cumprimento para todos as Administracións Públicas.

3ª.- Por outra banda o artigo 2 do RD 896/91 establece como norma xeral de acceso a oposición salvo que pola natureza das prazas sexa mais adecuada o sistema de concurso-oposición ou concurso, a cal en calquera caso debería ir acompañada da suficiente motivación, precepto que tamén ten carácter básico en base a disposición final 1ª do citado RD, o cal tamén se recolle respecto do persoal laboral no art. 29 do RD 364/95 aplicable con carácter supletorio.

4ª.- Así se entendemos que o acceso ao Emprego Público debe estar guiada polos principios recollidos no artigo 103.3 da Constitución e dicir igualdade, merito e

capacidade e que o artigo 61 parágrafo 6º limita o sistema de concurso a norma con rango de lei, parece que a posibilidade de que o persoal laboral acceda mediante concurso pode contrariar o art. 14 da Constitución, non obstante e mentres non haxa pronunciamentos xursiprudencial ao respecto pode utilizarse o sistema de concurso posto que así o prevé expresamente a Lei (art. 61.7 da Lei 7/2007). A propio Inxeñeria da Lei parece apioar este argumento, xa que na disposición transitoria 4ª relativa á chamada consolidación de emprego temporal, o procedemento de selección é o concurso oposición, incluso para persoal laboral temporal, o cal cando menos resulta paradóxico.

5ª.- Así mesmo de conformidade coa interpretación dos art. 167 e 175 do Texto Refundido do Réxime Local mantida polo profesor Pérez Luque os postos reservados a persoal laboral serían exclusivamente os de oficios, non obstante a xurisprudencia constitucional e o tribunal supremo flexibiliza esta postura e así debemos ter en conta a STC 37/2002 que respecto do art. 92.02 da Lei 7/85 de Bases de Rexime Local di que é certo que en él non se especifica que concreto as funcións han de ser desempeñadas polo persoal suxeito ó estatuto funcionarial remitindo a súa determinación ao desenvolvemento do mesmo, añade que sen embargo tal remisión non pode considerarse incondicionada ou carente de límites pois no propio precepto se dispon os criterios que han de inspirar no seu desenvolvemento a determinación das funcións que

deben ser desempeñadas por funcionarios públicos, cales son, as garantías de obxetividade, imparcialidade e dependencia no exercicio da función pública.

Por outra banda, a STS do 19/10/2005 establece que os patrons interpretativos aplicables ao art. 92.2 da Lei 7/85 (actualmente derogado e incorporado a disposición adicional primeira do EBEP) son os seguintes:

- aqueles postos de traballo cujas funcións ou cometidos exterioricen unha actividade da Administración que teña unha directa transcendencia para a situación xurídica de outros suxeitos de dereito (axenos ou non á súa organización), e na por elo sexan relevantes esas notas de obxetividade, imparcialidade e independencia, habrá de ser necesariamente encomendados a persoal funcionarial.*
- Corresponde a administración a carga de demostrar que nas funcións de un determinado posto resultan indiferentes esas notas que foron enunciadas.*
- Conseqüentemente, a validez dos postos de traballo laborales estarán condicionada inexcusablemente a que, no acto que os creara con ese expreso carácter contractual e non estatutario, esté ben visible e xustificado que os cometidos e funcións profesionais asignados ós titulares de tales postos, por súas específicas características, fan indiferente esas notas de que non se ven falando.*

A este respecto considero que nas funcións de Técnico do servizo municipal de atención a nenos de educación infantil, non estaría implícita a nota do exercicio da autoridade no exercicio das funcións públicas, polo cal considero que para este posto a figura xurídica adecuada podería ser a utilización do persoal laboral.

*6ª.- Se ben a disposición adicional 1ª do EBEP non reproduce literalmente o art. 92.2 da Lei de Bases no referente **“as funcións que han de ser desempeñadas por funcionarios públicos cales son as garantías de obxetividade, imparcialidade e independencia no exercicio da función pública”**, sen embargo este apartado podería relacionarse co previsto no art. 9.2 do EBEP que establece o seguinte:*

“En todo caso, el ejercicio de las funciones que impliquen la participación directa o indirecta en el ejercicio de las potestades públicas o en la salvaguardia de los intereses generales del Estado y de las Administraciones Públicas corresponden exclusivamente a los funcionarios públicos, en los términos que en la ley de desarrollo de cada Administración Pública se establezca”

7ª.- Respecto do contido das bases partindo da ausencia de regulación expresa para a selección do persoal laboral temporal (Disposición Adicional Segunda do RD 896/91), salvo determinada xurisprudencia que esixe un cumprimento mínimo dos principios de igualdade, merito, capacidade e publicidade recomendando a publicación no tablón de edictos do concello e en dous diarios de maior difusión e no BOP, sen perxuício da posibilidade de aplicar supletoriamente outras normas, considero cumpridos adecuadamente os principios que deben informar a selección deste persoal, isto é principios de igualdade, mérito e capacidade e publicidade.

8ª.- De acordo cos art. 172 e seguintes do Texto refundido 2/2004 para a realización de calquera tipo de gasto deberá existir consignación orzamentaria suficiente, de xeito que no caso concreto ao non existir informe de intervención sobre estas consignación presupuestaria non hai coñecemento de que a mesma exista

CONCLUSIONES

En base os argumentos esgrimidos anteriormente dende o punto de vista xurídico non hai inconveniente en proceder a contratación, non obstante dende o punto de vista económico deberá existir crédito adecuado e suficiente coa correspondente fiscalización pola intervención.

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular acorda por unanimidade dos seus membros proceder a aprobación e convocatoria das Bases de selección de persoal laboral temporal para cubrir unha praza para Diplomado en maxisterio coa especialidade en educación infantil.

4º.- CONTRATO MENOR DE OBRAS.

Dase conta por parte do Secretario da proposta presentada polo Concelleiro de Cultura Don Anxo Collarte Pérez relativo a contratación do “Contrato de edición sobre maquetación, impresión e encuadernación do libro “Os xudíos de Ribadavia”” coa empresa LUGAMI ARTES GRÁFICAS por importe de 3.346,72 €.

No expediente constan os seguinte elementos:

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar de conformidade co art. 49 da Lei 30/2007.
- Acreditación da capacidade xurídica de acordo co art. 43 da Lei 30/2007.
- Acreditación de estar ao corrente das obrigacións tributarias e de seguridade social.
- Consta informe de Intervención de data 28.08.09 no que se conclúe o seguinte:

INFORME

Que en el Presupuesto General aprobado para el ejercicio 2009 por el Ayuntamiento de Ribadavia, en la partida presupuestaria 226.226.07 452 (Gastos

diversos), existe consignación suficiente para autorizar el gasto objeto del expediente.

Por todo lo expuesto, cabe concluir que, en relación con la actuación que se pretende llevar a cabo, existe consignación presupuestaria suficiente en el presupuesto municipal vigente.

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus membros a adxudicación do contrato de servizo de maquetación, impresión e encuadernación do libro “Os xudíos de Ribadavia” a empresa LUGAMI ARTES GRÁFICAS, autorizando un gasto polo importe de 3.346,72 €.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO